

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **14 de febreiro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Pablo Pérez Pérez DEPUTADOS/AS: D. Plácido Álvarez Dobaño D. José Antonio Feijoo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas D. Vicente Gómez García D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. ^a Isabel Gil Álvarez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTOR: D. José Mosquera Casero	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 14 de febreiro de 2018 , ás 18.00 horas, baixo a presidencia de D. Pablo Pérez Pérez, e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
--	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE XANEIRO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xaneiro de 2018, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA ÁS NECESIDADES E MELLORAS DO TRANSPORTE FERROVIARIO ENTRE OURENSE E SANTIAGO.-

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da moción e aclara que esta moción se presentou o mesmo día en que se debateu e aprobou unha proposta similar no Parlamento de Galicia, polo que anuncia que o seu grupo está aberto a posibles emendas para adoptar este acordo ao aprobado no Parlamento.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno Central e de Renfe-Adif, as actuacións precisas para:

1º.- Promover o abaratamento da liña Avant Ourense-Santiago-A Coruña.

2º.- Reformular os termos e condicións dos bonos de transporte “Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudantes”, para aumentar o período de uso que rexe a partir a data da primeira formalización da reserva, de forma que se poida empregar en máis tempo que na actualidade.

3º.- Ampliar a frecuencia horaria da liña rexional Ourense-Santiago para mellorar a mobilidade entre as poboacións intermedias.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, di que na comisión anterior se falou sobre a realización dun estudo sobre as franxas de protección de incendios forestais, e comenta que sería interesante que se lles facilitasen os datos recompilados aos concellos, para poder avanzar nos traballos que se leven a cabo ao respecto, polo que formula un rogo en tal sentido.

E, ás 18:05 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que o presidente e o secretario. Certifico.